

Os horarios escolares: un punto negro da conciliación

Conciliar a vida familiar e laboral resulta bastante difícil cando os horarios de traballo, sobre todo o da nai, non coinciden coas horas nas que os nenos están na escola. De aí que, con frecuencia, as familias deban recorrer a apoios externos para saír adiante. Nun país como España, no que a muller traballa a tempo completo, a escola debe harmonizar as súas horas de atención aos alumnos coas necesidades laborais das familias. Neste labor deben xuntarse os esforzos das administracións educativas, as locais, os responsables da infancia e da xuventude, e as asociacións de nais e de pais.



Constanza Tobío Soler

Universidade Carlos III de Madrid

ctobio@polsoc.uc3m.es

Palabras clave

Horarios, escola, traballo, conciliación.

Os problemas que formula a conciliación teñen moito que ver coa organización dos centros escolares. En principio, porque hoxe o coidado dos menores trae consigo máis dificultades que hai só unhas décadas. Agora as mulleres máis novas adoitan estar ocupadas nalgunha actividade laboral, mentres que as traballadoras que superan os cincuenta anos son unha minoría e, polo tanto, teñen unha elevada dispoñibilidade á hora de coidar os que non poden valerse por si.

Por outro lado, a conciliación asóciase á oferta dos centros educativos, porque no noso país a maioría das nais e dos pais traballan a tempo completo. Existen outras experiencias, como as desenvolvidas no Reino Unido ou en Holanda, onde as mulleres realizan a súa actividade laboral a tempo parcial, sendo este o trazo distintivo dun modelo de conciliación que se denomina de “perceptor e medio”. Isto é, cada familia conta cos ingresos dun emprego a tempo completo, o do pai; e dun emprego a medio tempo, o da nai.

O modelo a tempo completo de países como Francia, Portugal, Leste de Europa ou España, é positivo dende o punto de vista da igualdade de xénero e da promoción laboral das mulleres, pero supón unha maior esixencia para as escolas e os colexios, ao convertelos en pezas clave da conciliación.

Segundo datos da ECFE (Enquisa de Conciliación Familia-Emprego) realizada a unha mostra representativa de nais traballadoras españolas, os puntos negros da conciliación son os seguintes:

- Escaseza de prazas en centros para o coidado de menores de 3 anos.
- O coidado dos nenos de menos de 12 anos cando se poñen enfermos e non poden ir ao colexio.

- A falta de adecuación entre horarios escolares e laborais.

- O coidado dos nenos pequenos durante as vacacións escolares.

Ata os tres anos, o maior problema é a insuficiencia de prazas en gardarías e escolas infantís. A partir desa idade as porcentaxes de menores escolarizados son practicamente do 100% en todas as comunidades autónomas, sendo recoñecida xa a gratuidade nese tramo. Non obstante, a escolarización non resolve os problemas de conciliación nun modelo laboral coma o noso, posto que os tempos escolares son máis curtos que os laborais, tanto no que se refire á xornada diaria, coma ao número de días lectivos e de traballo ao longo do ano. Iso por si mesmo formula dificultades que esixen dispoñer da axuda da propia familia extensa (avoa e avós, fundamentalmente) ou de persoas contratadas. Pero engádesse, ademais, unha dificultade adicional, posto que hai unha grave descoordinación de horarios que complica máis a vida dos fogares nos que ambos os dous cónxuxes traballan.

A xornada laboral feminina a tempo completo é positiva dende o punto de vista da igualdade, pero converte as escolas en pezas clave da conciliación

A descoordinación dos horarios escolares e laborais

A ECFE achega información sobre a relación entre os horarios laborais e escolares. Case un terzo (29%) dos nenos de nais traballadoras entran á gardaría despois de que elas comecen a súa xornada laboral. O desaxuste é aínda máis acusado á saída: nun 58% dos casos, os fillos volven á casa antes de que a súa nai saia do traballo. Precisamente, a duración da xornada laboral é a variable máis claramente asociada á relación entre horas de entrada ao traballo e ao centro educativo. Non obstante, non se trata dunha relación lineal, nin moi significativa dende o punto de vista estatístico. Paradoxalmente as entrevistadas que traballan menos horas son as que en maior proporción comezan a súa tarefa antes de que os seus fillos vaian ao colexio, probablemente porque desenvolven actividades de limpeza ou de servizo doméstico, que adoitan facerse moi cedo. No outro extremo, as mulleres que traballan máis de cincuenta horas á semana, son as que teñen menos problemas, seguramente porque esas longas horas de dedicación laboral adoitan corresponder a actividades por conta propia, con horarios de apertura máis tardíos, ou nas que a capacidade de xestión do tempo é maior.

En canto á coordinación entre a hora de saída das gardarías e dos centros de traballo, obsérvase que as maiores discrepancias se dan, tanto entre as que traballan menos (o 85,7% dos fillos saen da gardaría antes de que as entrevistadas rematen a súa xornada), como entre as que traballan máis, para as que a porcentaxe é exactamente a mesma.

Deixando de lado os horarios extremos, os principais problemas

A incompatibilidade de horarios é un problema que afecta a unha parte moi importante das nais traballadoras

de compatibilidade danse entre as mulleres que traballan de 40 a 49 horas á semana, dous terzos delas (61,1%) rematan a súa xornada despois de que os seus fillos saian da gardaría.

A situación non mellora cando os nenos van ao colexio. Un 33% das entrevistadas empeza a traballar antes de que os fillos menores de doce anos acudan á escola e un 60% remata cando eles xa saíron.

Como se resolven as discrepancias horarias?

Cando os horarios das nais son compatibles cos dos nenos, son estas as que, maioritariamente, os levan ao colexio (no 53,7% dos casos polas mañás e no 60,9% polas tardes). O máis sorprendente é que cando hai incompatibilidade, tamén un número importante (unha de cada cinco, aproximadamente) levan ou traen os seus fillos.

A iso engádense outras opcións moi variadas entre as que destacan a parella masculina e os avós, así como a axuda doméstica remunerada e os casos de nenos menores de doce anos que van sós.

Á saída do colexio, se a nai aínda non rematou o seu traballo, o máis habitual é que os menores de doce anos volvan sós á casa (25%) Noutros casos é ela quen os recolle (18%), os avós (18%) ou a axuda doméstica (9%).

Conclusións

Os datos recollidos neste estudo lévanos a concluír que a incompatibilidade de horarios aparece como un problema grave que afecta a unha parte moi importante das nais traballadoras, aproximadamente a un terzo polas mañás, e a máis da metade á hora da saída. Pero resulta aínda máis sorprendente e preocupante como se solucionan eses desfasamentos temporais en termos prácticos. En primeiro lugar e nunha proporción salientable, son as propias nais con horarios incompatibles as que se encargan de levar ou traer os fillos, o que, sen dúbida, é fonte de problemas, conflitos, tensións ou dificultades na súa actividade laboral.

En segundo lugar, aparecen os avós que, en case unha quinta parte dos casos, se encargan desta tarefa cando a nai non ten dispoñibilidade para facelo.

Tamén neste caso, as parellas das entrevistadas asumen esta responsabilidade, con máis frecuencia para levalos que para traelos do colexio, seguramente por causas relacionadas coas súas propias limitacións temporais.

A axuda doméstica remunerada é outro recurso que aparece cando a nai non se pode encargar de levar e traer os nenos, sendo case inexistente cando as nais están dispoñibles. Por último, hai que sinalar que hai proporcións destacables de nenos pequenos de menos de doce anos que van e, sobre todo, volven sós do colexio, o que se agudiza cando a nai ten problemas de coordinación horaria.

No contexto actual de xeneralización da actividade laboral das nais, os centros escolares non deben cumprir unicamente funcións educativas, senón que, ademais, deben adaptar a súa organización ás novas realidades sociais.

Os centros escolares deben adaptar a súa organización ás novas realidades sociais

Os vellos horarios dos colexios, aínda vixentes en parte, supoñen para as nais ter que levar os nenos demasiado tarde e recollelos moi rápido. A realidade é que non marchan en sintonía coas necesidades da maior parte das familias de hoxe.

A oferta de educación e coidado dos menores debe cubrir o tempo que os proxenitores dedican ao emprego. A responsabilidade para que así sexa corresponde, aínda que non de forma exclusiva, aos centros escolares, onde os nenos permanecen grande parte dese tempo. As circunstancias, deben levarnos a definir novos modelos de organización do tempo extra familiar dos menores, en coordinación con outros ámbitos da Administración, como os responsables de infancia, xuventude ou servizos sociais, tanto de administracións autonómicas como locais, e tamén con asociacións de nais e de pais de alumnos, ou con oferta privada de coidado e ocio educativo.



Bibliografía

- FERNÁNDEZ CORDÓN, J. A. e TOBÍO, C. (2005) "Conciliar las responsabilidades familiares y laborales: políticas y prácticas sociales". Madrid, Fundación Alternativas.
- LEWIS, J. (2001) *The End of Marriage? Individualism and Intimate Relations*. Cheltenham, Edward Elgar.

	Horas traballo entrevistada					Total	
		<20	20-29	30-39	40-49		>49
Hora entrada gardaría en relación a xornada laboral entrevistada	Antes	37,5	83,3	70,7	64,6	92,9	68,9
	Despois	62,5	16,7	29,3	35,4	7,1	31,1
Total		100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Hora entrada na gardaría en relación coa xornada laboral entrevistada por horas de traballo da entrevistada
(base=entrevistadas con fillos en gardaría)
% de horas traballo entrevistada

Fonte. ECFE

	Horas traballo entrevistada					Total	
		<20	20-29	30-39	40-49		>49
Hora saída gardaría en relación a xornada laboral entrevistada	Antes	85,7	50,0	54,8	61,1	85,7	61,4
	Despois	14,3	50,0	45,2	38,9	14,3	38,6
Total		100,0	100,0	100,0	100,0	100,0	100,0

Hora saída da gardaría en relación coa xornada laboral entrevistada por horas de traballo da entrevistada
(base=entrevistadas con fillos en gardaría)
% de horas traballo entrevistada

Fonte. ECFE



	ANTES	DESPOIS	TOTAL
Entrevistada	53,7	20,4	42,8
Parella	13,9	18,6	15,5
Avós	5,4	13,1	7,9
Outros parentes	1,3	2,3	1,6
Axuda doméstica remunerada	2,2	14,9	6,4
Autobús colexio	5,6	6,8	6,0
Van sós	16,0	14,9	15,5
Outras formas	1,9	9,0	4,3
TOTAL	100	100	100

Quen leva os nenos ao centro escolar por hora de entrada en relación coa xornada laboral das nais que traballan: antes ou despois de que estas empecen a traballar

(base=nais que traballan con algún fillo en centro escolar <12 anos) (% verticais)

Fonte. ECFE

	ANTES	DESPOIS	TOTAL
Entrevistada	17,9	60,9	35,6
Parella	13,0	12,0	12,6
Avós	17,6	4,0	12,0
Outros parentes	3,3	1,1	2,4
Axuda doméstica remunerada	9,2	2,2	6,3
Autobús colexio	6,6	6,5	6,6
Van sós	24,7	12,3	19,6
Outras formas	7,7	1,0	4,9
TOTAL	100	100	100

Quen recolle os nenos ao centro escolar por hora de entrada en relación coa xornada laboral das nais que traballan: antes ou despois de que estas empecen a traballar

(base=nais que traballan con algún fillo en centro escolar <12 anos) (% verticais)

Fonte. ECFE